

MEMORIA
DO CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DE KIEL

Ano 2024

CHRISTIAN-ALBRECHTS-UNIVERSITÄT



Christian-Albrechts-
Universität zu Kiel
Romanisches
Seminar



**XUNTA
DE GALICIA**



CONTEXTO DO LECTORADO DA CHRISTIAN-ARBRECHTS-UNIVERSITÄT ZU KIEL

O Centro de Estudos Galegos de Kiel (CEG) creouse en outubro de 2007, pertence ao Seminario de Linguas Románicas da Universidade Christian-Albrechts (CAU) e está financiado pola Xunta de Galicia. A lectora de galego traballa en permanente coordinación co responsable do CEG, o Prof. Dr. Javier Gómez-Montero. A labor deste organismo é a de achegar a cultura e a lingua galega ao norte de Alemaña. Para isto, ademais dos cursos de lingua e cultura que imparte, a lectora organiza diferentes actividades de difusión e investigación. A cidade de Kiel, localizada á beira do mar Báltico, conta cun dos portos máis importantes de Alemaña, polo que foi o destino de centos de emigrantes galegos nos anos 60 e 70.

A CAU é unha universidade pública e a máis antiga e grande da rexión. Está situada na capital do estado federado Schleswig-Holstein. Os seus puntos principais son a investigación do mar e xeolóxica, a bioloxía molecular e medicina, etc. O seu traballo en ciencias económicas e medicina é recoñecido internacionalmente. En dita universidade ofrécense estudos de diferentes especialidades lingüísticas. A maioría dos alumnos asistentes á materia de galego son estudantes de grao de Filoloxía Portuguesa, Filoloxía Hispánica ou Filoloxía Románica.



Táboa de contido

ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLO RESPONSABLE	4
SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024	4
SEMESTRE DE VERÁN 2024.....	4
SEMESTRE DE INVERNO 2024-2025	5
ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLA LECTORA	6
SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024	6
SEMESTRE DE VERÁN 2024.....	7
SEMESTRE DE INVERNO 2024-2025	8
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS.....	11
Degustación de produtos galegos (15.01.2024).....	11
Celebración do Día de Rosalía de Castro (febreiro)	11
Presentación do libro de E. Pardo Bazán "<i>Die rosafarbene Perle und andere Geschichten aus dem Panoptikum der Liebe</i>" (Hamburgo, 14.05.2024)	11
Celebración do Día das Letras Galegas: Homenaxe a Luísa Villalta (15-18.05.2024)	12
Celebración de San Xoán.....	12
Presentación do libro en galego e en alemán <i>O camiño debuxado</i> no Congreso Metropolis (Santiago de Compostela, 28.06.2024).....	13
Excursión á Costa Ártabra (5.09-13.09.2024).....	13
Presentación do libro en galego e en alemán <i>O Camiño debuxado</i> (A Coruña, 6.09.2024)	14
Presentación do libro <i>Contos de amor</i> a González Herrán (Santiago de Compostela, 10.09.2024)	15
Afinidades Electivas. Lecturas con Xesús Fraga (Betanzos, 11.09.2024)	16
Presentación do libro colectivo sobre hospitalidade no Camiño de Santiago <i>Gastfreundschaft-Pilgerherbergen-Hospitalwesen</i> (Augsburgo, 13.09.2024)	17
Conferencia de Luciana Belloni "O canon da literatura en Arxentina: entre os clásicos e a emigración, especialmente a galega (María Rosa Lojo)" (Kiel, 04 de decembro de 2024)	17
DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES.....	18

ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLO RESPONSABLE

SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024

Seminario de Mestrado: Proxeccións de Emilia Pardo Bazán-Erzählungen

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Martes de 10:15-11:45, aula LS 10-R.125

Número de alumnos/as: 11 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre os contos de Emilia Pardo Bazán

Proxecto: Seminario internacional de mestrado: Voces e escritas de mulleres

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 10:15-11:45, aula LS 10-R.101

Número de alumnos/as: 4 alumnas e 1 alumno (Universidade Christian Albrechts de Kiel), 7 alumnas e 1 alumno (Universidade da Coruña), 4 alumnas (Universidade Paris Nanterre) e 3 alumnas e 2 alumnos (Universidade de Toulouse).

Contido e metodoloxía: Foi un seminario itinerante no mes de outubro (16 ao 20) en colaboración coas Universidades da Coruña, Paris Nanterre e Toulouse. No que se tratou sobre a escritora Emilia Pardo Bazán.

SEMESTRE DE VERÁN 2024

Seminario: Topografías culturais: modelos e textos

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 14:15-15:45, aula LS10-R.125

Número de alumnos,-as: 5 alumnas e 3 alumnos

Contido e metodoloxía: O curso esbozará unha teoría e pragmática dun concepto que agrupa espazo, cultura e literatura a partir de exemplos como a topografía da Costa Ártabra (no norte da provincia da Coruña) como espazo real ou topografías vinculadas a espazos imaxinarios como o Macondo ou o Noroeste peninsular, Celama en León. En particular, afondarase na fisionomía cultural da Costa Ártabra coruñesa a partir de textos como "*O bosque animado*" de Wenceslao Fernández Flórez, contos de Manuel Rivas ou a novela "*Virtudes e Misterios*" de Xesús Fraga (2020).

Seminario/Excursión As Mariñas galegas

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 12:00-13:00, aula LS10-R.101 (4 clases teóricas presenciais na aula, despois excursión do 5.09.2024-13.09.2024)

Número de alumnos,-as: 2 alumnas e 3 alumnos

Contido e metodoloxía: Excursión e Seminario en Galicia sobre as Mariñas Coruñesas (A Coruña, Santiago de Compostela e Mariñán).

SEMESTRE DE INVERNO 2024-2025

Seminario: Topografías culturais: modelos e textos

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 12:15-13:45, aula LS10-R.125

Número de alumnos,-as: 4 alumnas

Contido e metodoloxía: O curso inclúe autores e autoras recollidos, -as na antoloxía *Contos das Mariñas coruñesas*, dos cales estamos a preparar unha tradución ao alemán. Neste semestre de inverno, o curso continuará e afondará nos temas tratados na edición anterior, ofrecendo unha expansión e desenvolvemento adicional dos contidos.

ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLA LECTORA

SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024

Seminario de Grao: As mariñas galegas

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 12:15-13:45, aula LS 10-R.4

Número de alumnos/as: 16 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Curso que se poderá impartir tanto en galego como en español sobre a cultura galega. Traballarase con diferentes materiais para coñecer a topografía galega, neste caso sobre as mariñas galegas (o mar, as rías galegas, a vida mariñeira...).

GALEGO I-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 08:30 a 10:00, aula LS 10-R.134

Número de alumnos/as: 1 alumna

Contido e metodoloxía: Curso de iniciación a lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Para o alumnado de español e portugués este curso non presentará ningunha dificultade. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais visuais.

GALEGO III-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 10:00 a 12:45, aula LS 10-R.134

Número de alumnos/as: sen alumnos

Contido e metodoloxía: Curso de lingua galega para os estudantes que xa cursaron Galego I e Galego II. Nestas sesións continuarase coa explicación dos aspectos gramaticais e se proporán exercicios orais e escritos para reforzar e mellorar as destrezas. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais audiovisuais.

Curso intensivo de Galego I

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns a venres de 9:00 a 13:00 (02.04.2024-08.04.2024), LS10-R.101

Número de alumnos/as: sen alumnos

Contido e metodoloxía: Curso intensivo de lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Paralelamente, tratarase de achegar ao alumnado á literatura e cultura galega a través de material diverso.

SEMESTRE DE VERÁN 2024

GALEGO I e II-Curso de galego e cultura

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Martes e xoves de 08:30 a 10:00, aula LS 10-R.101

Número de alumnos, -as: 2 alumnas

Contido e metodoloxía: Curso de iniciación a lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Para o alumnado de español e portugués este curso non presentará ningunha dificultade. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais visuais.

Proseminario de Grao: Mitoloxía e lendas mariñas

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Xoves de 12:15 a 13:45, aula LS 10-R.15

Número de alumnos,-as: 4 alumnas

Contido e metodoloxía: Curso que se poderá impartir tanto en galego como en español sobre a cultura galega. Traballarase con diferentes materiais para coñecer o folclore galego, en concreto, a mitoloxía e as lendas mariñas.

SEMESTRE DE INVERNO 2024-2025

Proseminario de Grao: As mariñas galegas

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 12:15 a 13:45, aula LS 10-R.31/32 MUL

Número de alumnos,-as: 18 alumnas e 4 alumnos

Contido e metodoloxía: Curso en español sobre as costas galegas, a súa cultura e costumes, aspectos da vida urbana e mariñeira, tamén reflectidos en textos literarios (escritores e escritoras, rutas literarias polas cidades da Coruña e Vigo, entre outras...).

Este curso está ligado coa excursión á Costa Ártabra do 6 ao 12 de setembro de 2024, xa que se traballará con materiais e vídeos desa excursión durante o semestre.

GALEGO I-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 08:30 a 10:00, aula LS 10-R.15

Número de alumnos,-as: 2 alumnas

Contido e metodoloxía: Curso de iniciación á lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Para os alumnos de español e portugués este curso non presentará ningunha dificultade. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais audiovisuais.

GALEGO I e II-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Curso intensivo do 24.03.2025-27.03.2025 Luns a xoves de 09:00 a 12:30, aula LS 10-R.101

Número de alumnos,-as: Por determinar

Contido e metodoloxía: Curso de iniciación á lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Para os alumnos de español e portugués este curso non presentará ningunha dificultade. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais audiovisuais.

Curso de lingua galega para os estudantes que xa cursaron Galego I. Nestas sesións continuarase coa explicación dos aspectos gramaticais e se proporán exercicios orais e escritos para reforzar e mellorar as destrezas. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais audiovisuais.

Redacción (Unterkurs)

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 12:15 a 13:45, aula LS 10-R.15

Número de alumnos,-as: 12 alumnas

Contido e metodoloxía: Os participantes do curso redactarán textos descritivos, expositivos e narrativos en forma de correos, ensaios, notas e resumos, entre outros. Estes textos xirarán arredor de temas de actualidade e de interese para o alumnado. Ademais, reforzarán contidos gramaticais e ampliarán vocabulario.

Para aprobar o curso débese realizar un dossier con mostras de redaccións feitas ao longo do semestre. Aprobar este curso é requisito para o portafolio do módulo SPR1.

Redacción (Mittelkurs)

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 14:15 a 15:45, aula LS 10-R.28/30 WIN

Número de alumnos,-as: 5 alumnas

Contido e metodoloxía: Neste curso o alumnado obterá as ferramentas necesarias para redactar textos argumentativos a partir da lectura, reflexión e comentario de escritos xornalísticos e literarios.

A materia avalíase cun test final e redaccións durante o semestre.

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS

Degustación de produtos galegos (15.01.2024)

Presentación e degustación de produtos típicos de Galicia nas aulas de galego e do seminario de cultura galega.

Celebración do Día de Rosalía de Castro (febreiro)

Durante o mes de febreiro nas clases do seminario de cultura galega e nas clases de galego traballouse a figura de Rosalía de Castro a través do estudo da súa biografía e da lectura dos seus poemas. Tamén os alumnos traballaron con traducións ao alemán do poema *Airiños*.

Presentación do libro de E. Pardo Bazán "*Die rosafarbene Perle und andere Geschichten aus dem Panoptikum der Liebe*" (Hamburgo, 14.05.2024)

O asiduo colaborador do Centro de Estudos Galegos de Kiel, Florian Weber, presentou no marco do acto "Liebe und Skurriles in den Perlen der Literatur", que tivo lugar o martes 14 de maio de 2024 no Oetinger Kulturdeck de Hamburgo, xunto co editor Ralf Plenz, a versión alemá da antoloxía *Contos de amor* (1898) de Emilia Pardo Bazán, que coordinou e traduziu ao alemán, xunto con Angelica Ammar, André Otto e Petra Strien-Bourmer, baixo o título *Die rosafarbene Perle und andere Geschichten aus dem Panoptikum der Liebe*.



Celebración do Día das Letras Galegas: Homenaxe a Luísa Villalta (15-18.05.2024)

Co gallo do Día das Letras Galegas, organizouse esta semana diferentes conferencias e coloquios. O martes 16 de maio, Tamara Andrés impartiu unha conferencia sobre *Os ollos da Sibila*, sobre a poesía de Luísa Villalta e tamén o seu traballo como tradutora.

O xoves 16, a lectora e algún dos profesores tamén falaram sobre a vida e obra de Luísa Villalta no seminario de cultura galega (Anexo I)



Celebración de San Xoán

Tratouse a festa de San Xoán nas aulas de galego e do proseminario de cultura galega e fíxose unha lectura do conxuro en galego, castelán e alemán. Tamén traballamos con diferentes mitos e lendas relacionados con esta data.

Presentación do libro en galego e en alemán *O camiño debuxado* no Congreso Metropolis (Santiago de Compostela, 28.06.2024)

O venres 28 de xuño tivo lugar a presentación da nova publicación do Taller de Traducción Literaria *O Camiño Debuxado* en Santiago de Compostela.

Presentaron este evento o responsable do CEG de Kiel, Javier Gómez-Montero e o escritor Arturo Franco Taboada no marco do Congreso Metropolis (Anexo II).



Excursión á Costa Ártabra (5.09-13.09.2024)

Durante os últimos días, os estudantes de Filoloxía Románica estiveron co equipo do Centro de Estudos Galegos de Kiel na Coruña e os seus arredores para coñecer os escenarios literarios da poesía de Xavier Seoane e da narrativa de Wenceslao Fernández Flórez en *O bosque animado* (Anexo III).



Presentación do libro en galego e en alemán *O Camiño debuxado* (A Coruña, 6.09.2024)

O día 6 de setembro presentouse o libro *O camiño debuxado* no Sporting Club Casino da Coruña. Unha guía bilingüe galego-alemán sobre o Camiño e que ten receitas culinarias. Participaron no evento o responsable do Centro de Estudos de Kiel, Javier Gómez-Montero, o autor Arturo Franco Taboada, o traductor Florian Weber e a lectora de galego, Laura Pereira Porto. Estes dous últimos leron fragmentos da guía en alemán e galego.



LIBRERÍAS ARENAS
Tienen el placer de invitarle a la presentación del libro:

O Camiño Debuxado

UNHA GUÍA DE PEREGRINOS CON RECEITAS E CONSELLOS CULINARIOS
de **ARTURO FRANCO TABOADA**
ARQUITECTO

Participarán:
- JAVIER GÓMEZ-MONTERO, Catedrático de Literaturas Románicas de la Universidad de Kiel (Alemania)
- FLORIAN WEBER, Traductor de la Universidad de Kiel (Alemania)

VIERNES, 6 de SEPTIEMBRE de 2024
A las 19:30 Horas
SPORTING CLUB CASINO DE LA CORUÑA
SALÓN DE ACTOS - Calle Real nº 83 - A Coruña
RESERVA DE EJEMPLARES AL TELÉFONO 981-22 24 42



Presentación do libro *Contos de amor* a González Herrán (Santiago de Compostela, 10.09.2024)

O tradutor e colaborador do CEG de Kiel entregoulle a González Herrán un exemplar do libro *Contos de amor* traducido ao alemán.



Afinidades Electivas. Lecturas con Xesús Fraga (Betanzos, 11.09.2024)

O 11 de setembro tivo lugar a velada literaria na Librería Biblos cunha lectura-coloquio con Xesús Fraga e Rafael Saravia; moderada por Javier Gómez-Montero, dentro do programa Afinidades Electivas. Fraga leu un fragmento da súa novela *Virtudes (e) misterios* e Saravia leu algúns dos seus poemas, tanto en castelán coma en galego.



**Presentación do libro colectivo sobre hospitalidade no Camiño de Santiago
Gastfreundschaft-Pilgerherbergen-Hospitalwesen (Augsburgo, 13.09.2024)**

O 23 de setembro de 2024, Narr-Verlag publicou o libro colectivo *Gastfreundschaft - Pilgerherbergen - Hospitalwesen* (Jakobus-Studien, Vol. 26), editado por Javier Gómez-Montero e Florian Weber.



Florian Weber presentou o volume no congreso anual da Sociedade Xacobeá Alemá, que tivo lugar en Augsburgo do 12 ao 15 de setembro de 2024.

Conferencia de Luciana Belloni “O canon da literatura en Arxentina: entre os clásicos e a emigración, especialmente a galega (María Rosa Lojo)” (Kiel, 04 de decembro de 2024)


A conferencia tivo lugar no marco da clase maxistral (14 estudantes) do Prof. Gómez-Montero sobre o canon literario no mundo hispánico e tivo por título “O canon da literatura en Arxentina: entre os clásicos e a emigración, especialmente a galega (María Rosa Lojo)”.

A ponencia centrouse na achega da emigración galega ao canon da literatura arxentina, exemplificando este tema coa figura de María Rosa Lojo (Anexo IV).

DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES

A divulgación das actividades do CEG de Kiel lévase a cabo regularmente a través da súa páxina web e do seu perfil de Facebook “Galego en Kiel”, o cal facilita a comunicación directa cos estudantes. Do mesmo xeito, publícanse aqueles sucesos acontecidos na actualidade relacionados coa cultura galega que sexan relevantes e certos materiais de interese para o alumnado. Por outro lado, este centro dispón dunha vitrina no Seminario de Linguas Románicas da CAU que serve de taboleiro de novidades relacionadas coa lingua e cultura galegas e as súas actividades.

No 2022 creouse unha páxina de Instagram na que se difundiron todas as actividades do CEG.



Letras Galegas

2024

**Conferencia “Os ollos da Sibila- A
Cidade Alta: poemas de Luísa Villalta”
con Tamara Andrés**




Martes 14.05.2024
LS10-R.101 12:15-13:30

Organizado polo CEG de Kiel
Contacto: lpereira@romanistik.uni-kiel.de
Páxina web: www.uni-kiel.de/ceg/indexgal.htm



Presentación de *O camiño debuxado*

Co escritor Arturo Franco Taboada,
Klaus Herbers e Javier Gómez-Montero



Venres, 28 de xuño
19:45h Sala de comunicacións
Auditorio ABANCA
Rúa do Preguntoiro, 23



Seminario / Excursión

Costa Ártabra (A Coruña: topografía, cultura y literatura)

05.09.2024 - 13.09.2024

Leitung: Prof. Dr. Javier Gómez-Montero; Laura Pereira Porto

El Centro de Estudios Galegos de Kiel organiza con el Prof. Dr. Javier Gómez-Montero una excursión y un seminario sobre la Costa Ártabra (05.09.2024 -13.09.2024)

Programa

05.09.2024:	Llegada por la tarde a A Coruña (Hostal Nido)
06.09.2024:	Excursión por A Coruña y por la tarde presentación de <i>O Camiño Debuxado</i> con Arturo Franco Taboada y Florian Weber
07.09.2024:	Seminario de traducción en Cecebre en la Fundación Wenceslao Fernández Flórez (Seoane y Wenceslao) con los traductores Friederike Foedtke y Florian Weber
08.09.2024:	Seminario de traducción en Cecebre y recorrido por la zona (Xesús Fraga y Wenceslao) con los traductores André Otto y Florian Weber
09.09.2024:	Recorrido por la Costa Ártabra (Mera, Dexo, ecoliteratura en Maianca y Sada)
10.09.2024:	Visita Santiago de Compostela (SXPL, Catedral, Museo do Pobo Galego)
11.09.2024:	Seminario de traducción con Xesús Fraga y por la tarde visita a Betanzos. Velada literaria (Librería Biblios) con Xesús Fraga y Rafael Saravia (19:00h)
12.09.2024:	Por la mañana Encuentro con estudiantes de la UDC; Conclusiones y playa.
13.09.2024:	Viaje de vuelta a Kiel

Estudiantes de Bachelor y de Máster interesados en participar en la excursión de este año a Galicia, la misma se convalidará por los siguientes cursos:

- Prof. Dr. Javier Gómez-Montero: Literaturwissenschaft III-IV / Kulturwissenschaft (BA / MA / MEd) (Miércoles 12:00 - 13:00) y Literaturwissenschaft IV/V Spanisch: Hauptseminar MA/M.Ed. (und Übung) "Topografías culturales: modelos y textos (Lunes 14:15-15:45)
- Laura Pereira Porto: Kultur- und Landeswissenschaften I Spanisch: Proseminar "Mitología y leyendas marinas" (Jueves 12:15-13:45)

****También se convalida para cursos del semestre de invierno 24/25.**

Contacto

Prof. Dr. Javier Gómez-Montero: gomez.montero(at)romanistik.uni-kiel.de

Laura Pereira Porto: lpereira(at)romanistik.uni-kiel.de



Christian-Albrechts-Universität zu Kiel
Romanisches Seminar




UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA



CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS




Christian-Albrechts-Universität zu Kiel
Philosophische Fakultät

Conferencia / Vorlesung

El canon de la literatura en Argentina: entre los clásicos y la migración, especialmente la gallega (Maria Rosa Lojo)

Luciana Belloni
(Universidad del Salvador, DAAD,
Christian-Albrechts-Universität zu Kiel)



Mittwoch, 04. Dezember 2024
14:00 c.t.

Leibnitzstr. 10 R. 125
24105 Kiel

Mit freundlicher Unterstützung von:

